

MINISTERIO DE FACENDA

2649 *ORDE HAC/272/2004, do 10 de febreiro, pola que se establecen novos lugares de presentación das declaracións-liquidacións periódicas do imposto sobre o valor engadido, da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido e das declaracións-liquidacións dos pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas e se autoriza, en determinados supostos, a devolución do imposto sobre o valor engadido mediante cheque cruzado. («BOE» 38, do 13-2-2004.)*

O artigo 164, punto un, número 6.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 29), do imposto sobre o valor engadido, dispón que os suxeitos pasivos do imposto estarán obrigados, cos requisitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente, a presentar as declaracións-liquidacións correspondentes e ingresar o importe do imposto resultante.

En desenvolvemento do dito precepto, o artigo 72 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro («Boletín Oficial del Estado» do 31) establece que o ingreso das cotas resultantes das declaracións-liquidacións e a solicitude das devolucións a favor do suxeito pasivo se efectuarán nos impresos e no lugar, forma e prazos que estableza o ministro de Facenda.

Pola súa parte, o artigo 82, punto 7 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, dispón que os contribuíntes que exerzan actividades económicas estarán obrigados a efectuar pagamentos fraccionados á conta do imposto, autoliquidando e ingresando o seu importe nas condicións que regulamentariamente se determinen.

As ditas condicións veñen determinadas polo artigo 104 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro («Boletín Oficial del Estado» do 9), segundo o cal os contribuíntes presentarán as declaracións correspondentes aos pagamentos fraccionados ante o órgano competente da Administración tributaria e ingresarán o seu importe no Tesouro público. Así mesmo, o citado artigo sinala que a declaración se axustará ás condicións e aos requisitos e que o ingreso se efectuará na forma e lugar que determine o ministro de Facenda.

De acordo coas habilitacións indicadas e co obxecto de lles facilitar na maior medida posible aos obrigados tributarios o cumprimento das súas obrigas, na presente orde habilitase o pagamento das declaracións-liquidacións periódicas do imposto sobre o valor engadido e das declaracións-liquidacións dos pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas, en calquera das entidades colaboradoras na recadación dos tributos situadas no territorio nacional, suprimindo a exigencia, contida ata o de agora nas ordes ministeriais de aprobación dos correspondentes modelos de declaración, de acordo coa cal o pagamento se deberá efectuar nalgunha das entidades colaboradoras correspondentes á provincia en que radica o domicilio do contribuínte.

Por outra parte, de acordo co previsto no artigo 29 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, a presente orde desenvolve as circunstancias polas cales o suxeito pasivo pode solicitar a devolución por cheque cruzado, así como os supostos en que a Administración tributaria pode utilizar o cheque cruzado como medio

para efectuar unha devolución do imposto sobre o valor engadido.

Finalmente, dada a nova redacción do artigo 74.2.a) do Regulamento xeral de recadación, efectuada polo artigo único do Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, a disposición adicional primeira da presente orde establece que só será posible efectuar o ingreso do importe resultante das declaracións-liquidacións a que se refire esta orde, nas entidades de depósito que prestan o servizo de caixa nos locais das delegacións e administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria cando o Ministerio de Facenda subscriba un convenio para a prestación do mencionado servizo.

En consecuencia, e facendo uso das autorizacións que teño conferidas, dispoño:

Primeiro. Modificación do lugar de presentación das declaracións-liquidacións do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos modelos 300, 330, 310, 311, 370 e 371.

Un. Modelo 300. Declaración trimestral do imposto sobre o valor engadido.

Modifícase o punto terceiro da Orde do 20 de xaneiro de 1999, pola que se aproban os modelos 300 e 330 de declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido en euros e se adaptan á presentación en euros de declaracións-liquidacións mensuais de grandes empresas correspondentes aos códigos 320 e 332 («Boletín Oficial del Estado» do 22), que queda redactado como segue:

«Terceiro. *Lugar de presentación do modelo 300.*

1. Cando do resultado da declaración-liquidación resulte unha cantidade a ingresar, a presentación e mais o ingreso realizaranse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

2. Se o resultado da declaración-liquidación é para compensar ou corresponde a un período sen actividade, esta deberá presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.

3. As declaracións-liquidacións con solicitude de devolución correspondentes ao último período do ano presentaranse na entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria onde se desexe recibir a devolución.

Así mesmo, poderán presentarse na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as etiquetas identificativas subministradas pola Axencia Estatal de Administración tributaria.»

Dous. Modelo 330. Exportadores e outros operadores económicos. Declaración mensual do imposto sobre o valor engadido.

Modifícase o punto cuarto da Orde do 20 de xaneiro de 1999, pola que se aproban os modelos 300 e 330 de declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido en euros e se adaptan á presentación en euros de declaracións-liquidacións mensuais de grandes empresas correspondentes aos códigos 320 e 332, que queda redactado como segue:

«Cuarto. *Lugar de presentación do modelo 330.*

1. Cando do resultado da declaración-liquidación resulte unha cantidade a ingresar, a presentación e mais o ingreso realizaranse en calquera entidade de depósito

sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

A entidade colaboradora, unha vez validado o recadro inferior da declaración-liquidación a que se refire o ingreso, introducirá o exemplar correspondente no sobre mensual habilitado para o efecto para a súa remisión, debidamente cerrado, á delegación ou Administración que corresponda.

2. Se o resultado da declaración-liquidación é a compensar ou corresponde a un período sen actividade, esta deberá presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.

3. As declaracións-liquidacións con solicitude de devolución formuladas no modelo 330 deberán presentarse co sobre mensual, directamente na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal. A declaración-liquidación irá acompañada de fotocopia da tarxeta ou documento acreditativo do número de identificación fiscal, se esta non leva adheridas as etiquetas identificativas subministradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Así mesmo, poderán enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración-liquidación fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se esta non leva adheridas etiquetas identificativas.

As declaracións-liquidacións con solicitude de devolución tamén poderán presentarse na entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria onde se desexe recibir a devolución.

Na primeira declaración-liquidación que se presente correspondente ao modelo 330, unha vez producida a inclusión no Rexistro de Exportadores e outros Operadores Económicos, deberá achegarse unha certificación da entidade colaboradora a través da cal se pretenda percibir o importe das correspondentes devolucións, na cal se acrediten os datos da conta bancaria. Deberase achegar, así mesmo, unha certificación acreditativa en que conste a modificación dos datos relativos á súa conta bancaria na primeira declaración-liquidación que se presente despois de que se produza a mencionada modificación de datos.»

Tres. Modelo 310. «Imposto sobre o valor engadido. Réxime especial simplificado. Declaración-liquidación ordinaria.»

Modifícase, no referente ao modelo 310, o punto quinto da Orde do 13 de marzo de 1998, pola que se aproban os modelos 131 de declaración-liquidación de pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes a empresarios en réxime de estimación obxectiva e 310 de declaración-liquidación ordinaria do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido e se establecen as condicións para a domiciliación do pagamento resultante delas en entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria («Boletín Oficial del Estado» do 14), que queda redactado como segue:

«Quinto. *Lugar de presentación e ingreso do modelo 310.*

Un. Cando do resultado da declaración-liquidación resulte unha cantidade a ingresar, a presentación e mais o ingreso realizaranse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

Dous. Se o resultado da declaración-liquidación é para compensar ou esta corresponde a un período sen actividade, deberá presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se esta non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.»

Catro. Modelo 311. «Imposto sobre o valor engadido. Réxime simplificado. Declaración-liquidación final» e 371 «Réxime xeral e simplificado. Declaración trimestral final do imposto sobre o valor engadido».—Modifícase o punto sétimo da Orde do 26 de marzo de 1998 pola que se aproban os modelos 311, 370 e 371, de declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido («Boletín Oficial del Estado» do 31) que queda redactado como segue:

«Sétimo. *Lugar de presentación dos modelos 311 e 371.*

Un. 1. Cando do resultado da declaración-liquidación resulte unha cantidade a ingresar, a presentación e mais o ingreso realizaranse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

Dous. Se o resultado da declaración-liquidación é para compensar ou esta corresponde a un período sen actividade, deberá presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.

Tres. As declaracións-liquidacións con solicitude de devolución correspondentes ao último período do ano, presentaranse na entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria onde se desexe recibir a devolución.

Así mesmo, poderán presentarse na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se esta non leva adheridas as etiquetas identificativas subministradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Cinco. Modelo 370 «Réxime xeral e simplificado. Declaración trimestral ordinaria do imposto sobre o valor engadido».—Modifícase o punto sexto da Orde do 26 de marzo de 1998 pola que se aproban os modelos 311, 370 e 371, de declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido que queda redactado como segue:

«Sexto. *Lugar de presentación e ingreso do modelo 370.*

Un. Cando do resultado da declaración-liquidación resulte unha cantidade a ingresar, a presentación e mais o ingreso realizaranse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

Dous. Se o resultado da declaración-liquidación é para compensar ou esta corresponde a un período sen actividade, deberá presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.»

Segundo. *Modificación do lugar de presentación das declaracións-liquidacións dos pagamentos fraccionados*

do imposto sobre a renda das persoas físicas, modelos 130 e 131.—*Modifícase o punto terceiro da Orde do 18 de marzo de 1999 pola que se aproban os modelos 130 e 131, de declaración-liquidación dos pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva («Boletín Oficial del Estado» do 25) que queda redactado como segue:*

«Terceiro. *Lugar de presentación e ingreso dos modelos 130 e 131.*

Un. Cando do resultado da declaración-liquidación resulte unha cantidade a ingresar, a presentación e mais o ingreso realizaranse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

Dous. Se da declaración-liquidación non resultase cantidade a ingresar, esta deberá presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.»

Terceiro. *Modificación do lugar de presentación da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido, modelo 390.—Modifícase o número un do punto segundo da Orde do 19 de novembro de 2001 pola que se aproba o modelo 390 de declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido en euros («Boletín Oficial del Estado» do 24), que queda redactado como segue:*

«Un. 1. Se o resultado da última declaración-liquidación periódica é para ingresar, esta e a declaración-resumo anual presentaranse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.

No caso de que a declaración-resumo anual careza das etiquetas identificativas subministradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria irá acompañado de fotocopia da tarxeta ou documento acreditativo do número de identificación fiscal.

2. Se o resultado da última declaración-liquidación periódica é para compensar ou sen actividade, esta e a declaración-resumo anual deberán presentarse directamente ou enviarse por correo certificado á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.

3. Se o resultado da última declaración-liquidación periódica é para devolver, esta e a declaración-resumo anual presentaranse na entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria onde se desexe recibir a devolución.

Así mesmo, poderanse presentar na delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as etiquetas identificativas subministradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Os suxeitos pasivos inscritos no Rexistro de Exportadores e outros Operadores Económicos, deberán presentar a última declaración-liquidación con resultado para devolver e a declaración-resumo anual directamente na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal. A declaración irá acompañada de fotocopia da tarxeta ou documento acreditativo do

número de identificación fiscal, se non leva adheridas as etiquetas identificativas. Así mesmo, os ditos suxeitos pasivos poderán enviar a declaración-resumo anual conxuntamente coa última declaración-liquidación periódica por correo certificado dirixido á citada delegación ou Administración ou ser presentada conxuntamente coa declaración-liquidación na entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria, onde se desexe recibir a devolución.»

Cuarto. *Modificación do procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 111, 320 e 332.—Modifícase o primeiro parágrafo do número Un.1) do punto cuarto da Orde do 20 de xaneiro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións mensuais de grandes empresas correspondentes aos códigos 111, 320 e 332 («Boletín Oficial del Estado» do 22), que queda redactado como segue:*

«1) Se se trata de declaracións para ingresar, o ingreso poderá efectuarse en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria.»

Quinto. *Devolución mediante cheque cruzado no imposto sobre o valor engadido.—Nas declaracións do imposto sobre o valor engadido con resultado a devolver, cando concorra algunha circunstancia excepcional que xustifique que non se poida efectuar a devolución mediante transferencia, ou que a imposibilite, o suxeito pasivo fará constar o dito extremo acompañando á declaración escrito dirixido ao delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, quen, á vista del e logo das pertinentes comprobacións, poderá autorizar a realización da devolución que proceda mediante a emisión de cheque cruzado do Banco de España. No suposto de suxeitos pasivos adscritos ás unidades de xestión de grandes empresas ou á Unidade Central de Xestión de Grandes Empresas, o escrito dirixirase, no primeiro caso, ao delegado especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda ao seu domicilio fiscal, ou, no segundo caso, ao xefe da Oficina Nacional de Inspección.*

As declaracións-liquidacións do imposto sobre o valor engadido con resultado para devolver e con solicitude de emisión mediante cheque cruzado presentaranse, conxuntamente co escrito mencionado no parágrafo anterior, na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante, xuntando á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se non leva adheridas as etiquetas identificativas subministradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou ben nas unidades de xestión de grandes empresas que, se é o caso, correspondan, das mencionadas no parágrafo anterior.

Así mesmo, poderase autorizar a realización da devolución mediante a emisión de cheque cruzado do Banco de España cando esta non se poida realizar mediante transferencia bancaria.

Disposición adicional primeira.

As declaracións-liquidacións a que se refire esta orde poderán presentarse para o seu ingreso, se é o caso, nas entidades de depósito que presten o servizo de caixa nos locais das delegacións e administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos termos previstos no artigo 74.2.a) do Regulamento xeral de recadación.

Disposición adicional segunda. *Modificación da Orde do 15 de xuño de 1995 en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria.*

No anexo VIII «Modelos de autoliquidación cuxo resultado sexa unha solicitude de devolución e xestionados a través de EE.CC.» inclúese o seguinte modelo de declaración:

Código de modelo 330.
Denominación: IVE exportadores.
Periodicidade: M-T.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

O que comunico a VV.II. para o seu coñecemento e efectos.

Madrid, 10 de febreiro de 2004.

MONTORO ROMERO

Ilmo. Sr. Director Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria e Ilmo. Sr. Director Xeral de Tributos.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

2651 *REAL DECRETO 168/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración da equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de diplomado en educación social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto. («BOE» 38, do 13-2-2004.)*

O Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo que se establece o título universitario oficial de diplomado en educación social e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel, non tivo en conta, nas súas disposicións transitorias, a situación daqueles profesionais que, con titulacións anteriores en materia de educación social, estaban desempeñando postos que, a partir da situación creada pola publicación do dito real decreto, poden ser desempeñados por persoas que posúan a nova diplomatura universitaria.

O daquela Consello de Universidades, mediante Acordo do 26 de novembro de 2001 da súa Comisión Académica, propuxo a concesión dos efectos laborais e académicos propios do título oficial de diplomado en educación social a estes titulados. A proposta do Consello de Universidades estaba condicionada, en relación cos efectos académicos, á superación por parte das persoas tituladas en materia de educación social dun curso de nivelación e dunha proba que garantise a homoxeneidade da formación destas persoas cos novos diplomados universitarios.

O actual Consello de Coordinación Universitaria, en sesión do día 11 de decembro de 2003, fixo seu o criterio do daquela Consello de Universidades, formulando idéntica proposta.

Por iso, parece obrigado, por tanto, por razóns de xustiza e equidade que, ao se ter introducido a mencionada nova titulación no ordenamento académico, se dea unha solución a aquelas persoas que estaban desempeñando postos a que se fixo referencia nos parágrafos anteriores.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, previu no seu artigo 36 a competencia do Goberno para regular, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino non universitario, neste caso, os títulos sobre educación social de referencia, a aqueles a que se refire o artigo 34 desta mesma lei, neste suposto, ao de diplomado en educación social.

Considerando a proposta do daquela Consello de Universidades, parece procedente, por unha parte, recoñecer con carácter xeral a idoneidade profesional dos antigos titulados en materias de educación social e, por outra, establecer un sistema transitorio de obtención da equivalencia coa titulación de diplomado en educación social para aqueles profesionais que cursaron as ensinanzas de educación social antes da aparición da diplomatura que establece o Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto.

Na súa virtude, logo de proposta do Consello de Coordinación Universitaria, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, do acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os requisitos para a equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social co título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional de diplomado en educación social.

Artigo 2. *Equivalencia.*

Os títulos en materia de educación social, expedidos polos centros que se sinalan no anexo, terán os mesmos efectos que o título de diplomado en educación social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo que se establece o título universitario oficial de diplomado en educación social e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel, sempre que fosen obtidos cumprindo os requisitos que se establecen a continuación:

a) Estar en posesión dos requisitos previos para acceder á universidade.

b) Estar en posesión dun título de formación en educación social dos sinalados no anexo, de tres anos completos de duración, nalgún dos centros que se relacionan no dito anexo.

c) Ter iniciado os estudos en materia de educación social con anterioridade ao curso académico 1992-1993, en que se iniciaron os estudos de diplomado en educación social establecidos polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto.

d) Superar, no prazo máximo de tres anos, contados desde a entrada en vigor deste real decreto, un curso de nivelación de coñecementos que organizará a universidade que imparta as ensinanzas correspondentes ao título oficial de diplomado en educación social.

Este curso será establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e terá unha extensión de 60 créditos.